

## Comunicado nº 060/10 15 de abril de 2010

### □ KARTING.

#### **CHASIS.**

Con vistas á tempada 2011, na que probablemente deixen de fabricarse os chasis de 900 mm., autorízanse para a presente tempada a participación de chasis de 950 mm. na categoría Alevín, quedando a decisión do participante a utilización de 900 mm. ou 950 mm.

Asimesmo, os chasis de Alevín de 900 mm. están autorizados a substituílo eixe de diámetro 25 mm. (macizo), polo eixe de 30 mm. (oco), incluíndo portadoramentos, rodamentos, portacoroa e portadisco.

**Advertencia:** Calquera piloto que participara nunha proba cun chasis de 900 mm. ou de 950 mm. terá que facelo coa mesma medida en tódala tempada.

#### **PNEUMÁTICOS.**

Cámbiase o modelo de pneumático na categoría KZ2, pasando de Vega Verde ó novo composto Vega Azul SL3.

#### **PIÑÓNS.**

Recordamos os piñóns autorizados a usar nas diferentes categorías e motores.

Alevín: Puma 64: 10z.  
Cadete: Puma 85: 10z.  
X30: 10z y 11z.

#### **FE DE ERRATAS:**

Na páxina 219, do Anuario 2010, no apartado I), punto 9 debe dicir: Parafusos de subxección do piñón á campana do embrague.

---

### □ NOTIFICACIÓNS PARTICIPACIÓN.

Calquera piloto, de tódalas especialidades de automobilismo, que participen en probas nacionais ou internacionais, deben informar a secretaría da Federación Galega de Automobilismo, vía fax (988-271461), ou vía e-mail ([fga@fga.es](mailto:fga@fga.es)), para comunicalo a Secretaría Xeral para o Deporte, e así poder incluílo no ficheiro de solicitudes para poder optar de becas de apoio ós deportistas.

---